

# Anexo III. Modelo de programación de proba libre de módulos profesionais

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015773	IES MURALLA ROMANA	LUGO	2013-2014

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e Xestión	CMADG01	XESTIÓN ADMINISTRATIVA	MEDIO	LIBRE

### Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
MP0439	EMPRESA E ADMINISTRACIÓN	123

### Profesorado responsable

MARIA JOSÉ RIVAS PARADELA
---------------------------

# Índice

---

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

<b>1.Identificación da programación .....</b>	<b>1</b>
Centro educativo.....	1
Ciclo formativo.....	1
Módulo profesional .....	1
Profesorado responsable.....	1
<b>2.Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....</b>	<b>3</b>
<b>2.1Primeira parte da proba.....</b>	<b>3</b>
2.1.aResultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	3
2.1.bCriterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado.....	3
<b>2.2Segunda parte da proba.....</b>	<b>4</b>
2.2.aResultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	4
2.2.bCriterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado.....	4
<b>3Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.....</b>	<b>5</b>
<b>4Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento.....</b>	<b>6</b>
4.1Primeira parte da proba.....	6
4.2 Segunda parte da proba.....	6

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1 Primeira parte da proba

#### 2.1.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Describe as características inherentes á innovación empresarial
Identifica o concepto de empresa e de persoa empresaria, e analiza a súa forma xurídica e a normativa aplicable.
Analiza o sistema tributario español, e reconece as súas finalidades básicas e as dos principais tributos.
Identifica as obrigas fiscais da empresa e diferenza os tributos aos que está suxeita.
Identifica a estrutura funcional e xurídica da Administración, e reconece os organismos e as persoas que a integran.
Describe os tipos e as características das relacións entre a cidadanía e a Administración, e formaliza documentación que xurda desta.
Realiza xestións de obtención de información e presentación de documentos ante a Administración, e identifica os tipos de rexistros públicos.

#### 2.1.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Analizáronse as posibilidades de innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, etc.) como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
Descríbense as implicacións da innovación e da iniciativa emprendedora na competitividade empresarial.
Enumeráronse iniciativas innovadoras que poidan aplicarse para a mellora de empresas ou organizacións xa existentes.
Procuráronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, e relacionáronse estruturadamente nun informe.
Definiuse o concepto de empresa.
Distinguíuse entre personalidade física e xurídica.
Diferenciáronse empresas segundo a súa constitución legal.
Identificouse a forma xurídica máis adecuada para cada tipo de empresa.
Identificáronse os tipos de franquías.
Definíronse os conceptos de tributo e de sistema tributario español.
Recoñeceu a xerarquía normativa tributaria.
Identificáronse os tipos de tributos.
Diferenciouse entre impostos directos e indirectos.
Identificáronse os elementos da declaración-liquidación.
Recoñecéronse as formas de extinción das débedas tributarias.
Definíronse as obrigas fiscais da empresa.
Definiuse o índice de actividades económicas
Recoñecéronse as empresas suxeitas ao pagamento do imposto de actividades económicas (IAE).
Recoñecéronse as características xerais do IVE e os seus réximes.
Interpretáronse os modelos de liquidación do IVE e recoñecéronse os prazos de declaración-liquidación.
Recoñeceu a natureza e o ámbito de aplicación do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
Definiuse o concepto de acto administrativo.
Definiuse o proceso administrativo, os seus tipos, as súas fases e os tipos de silencio.
Definiuse o concepto de recurso administrativo e diferenciáronse os seus tipos.

Verificáronse as condicións para a interposición dun recurso administrativo.
Precisáronse os órganos da xurisdición contencioso-administrativa e o seu ámbito de aplicación.
Recoñecéronse as funcións dos arquivos públicos.

## 2.2 Segunda parte da proba

### 2.2.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
Analiza o sistema tributario español, e recoñece as súas finalidades básicas e as dos principais tributos.
Identifica as obrigas fiscais da empresa e diferencia os tributos aos que está suxeita.
Identifica a estrutura funcional e xurídica da Administración, e recoñece os organismos e as persoas que a integran.
Describe os tipos e as características das relacións entre a cidadanía e a Administración, e formaliza documentación que xurda desta.
Realiza xestións de obtención de información e presentación de documentos ante a Administración, e identifica os tipos de rexistros públicos.

### 2.2.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
Diferenciouse entre impostos directos e indirectos.
Identificáronse os elementos da declaración-liquidación.
Recoñecéronse as formas de extinción das débedas tributarias.
Recoñecéronse as empresas suxeitas ao pagamento do imposto de actividades económicas.
Recoñecéronse as características xerais do IVE e os seus réximes.
Interpretáronse os modelos de liquidación do IVE e recoñecéronse os prazos de declaración-liquidación.
Recoñeceu a natureza e o ámbito de aplicación do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
Formalizáronse os modelos de liquidación de IRPF e recoñecéronse os prazos de declaración-liquidación.
Identificáronse os elementos e a natureza do imposto de sociedades.
Clasificáronse os actos administrativos.
Clasificáronse os actos administrativos.
Definiuse o concepto de recurso administrativo e diferenciáronse os seus tipos.
Identificáronse os actos recorribles dos non recorribles.
Precisáronse os órganos da xurisdición contencioso-administrativa e o seu ámbito de aplicación.
Cumpríronse as normas de presentación de documentos ante a Administración.
Solicitouse determinada información nun rexistro público.
Accedeuse ás oficinas de información e atención á cidadanía por vías como as páxinas web, os portelos únicos e a atención telefónica, para obter información salientable e relacionala nun informe tipo.

### 3 Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### INICIATIVA EMPRESARIAL E INNOVACIÓN

Analizáronse as diversas posibilidades de innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, entre outras), Describíronse as implicacións que ten para a competitividade empresarial a innovación e a iniciativa emprendedora. Buscáronse axudas e ferramentas, públicas e privadas, para a innovación, creación e internacionalización de empresas, relacionándoas estruturadamente nun informe.

#### A EMPRESA E O EMPRESARIO

Definiuse o concepto de empresa, personalidade física e xurídica. Diferenciouse a empresa segundo a súa constitución legal. Recoñecéronse as características do empresario autónomo.

#### CLASES DE EMPRESAS

Precisáronse as características dos diferentes tipos de sociedades. Identificouse a forma xurídica máis adecuada para cada tipo de empresa. Recoñecéronse as empresas suxeitas ao pago do Imposto de Actividades Económicas.

#### SISTEMA TRIBUTARIO

Recoñeceuse a xerarquía normativa tributaria. Identificáronse os diferentes tipos de tributos.

#### IMPOSTOS DIRECTOS E INDIRECTOS

Discrimináronse as súas principais características e diferenciouse entre impostos directos e indirectos. Identificáronse os elementos da declaración-liquidación. Recoñecéronse as formas de extinción das débedas tributarias e definíronse as obrigacións fiscais da empresa. Recoñecéronse as características xerais do Imposto sobre o Valor Engadido e os seus diferentes réximes. Interpretáronse os modelos de liquidación do IVA, recoñecendo os prazos de declaración-liquidación. Recoñeceuse a natureza e ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Cumprimentáronse os modelos de liquidación de IRPF, recoñecendo os prazos de declaración-liquidación.

#### O ESTADO DO DEREITO. AS FONTES

Identificouse os tres poderes do Estado (legislativo, executivo e judicial) así como as fontes do Dereito.

#### O ADMINISTRADO E A ADMINISTRACIÓN

Identificouse o marco xurídico no que se integran as Administracións Públicas. Reñecéronse as organizacións que compoñen as diferentes Administracións Públicas. Precisáronse as distintas formas de relación laboral na Administración Pública. Utilizáronse as fontes de información relacionadas coa oferta de emprego público para reunir datos significativos sobre esta.

#### O ACTO ADMINISTRATIVO, PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO E INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA

Definiuse o concepto de acto administrativo, e de recurso administrativo así como identificáronse os actos recurribles e non recurribles. Diferenciáronse os diferentes tipos de recursos administrativos.

#### OS REXISTROS E ARCHIVOS NA ADMINISTRACIÓN

Recoñecéronse as funcións dos Arquivos Públicos. Solicitouse determinada información nun Rexistro Público. Recoñeceuse o dereito á información, atención e participación do cidadán.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

##### - Primeira parte da proba

- Terá carácter eliminatorio.
- Avaliarase numericamente de cero a dez puntos.
- Para que a persoa candidata supere esta primeira proba deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

##### - Segunda parte da proba

- A persoa aspirante que supere a primeira parte da proba realizará a segunda parte.
- Avaliaranse numericamente de cero a dez puntos. Para a súa superación a persoa candidata deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- A persoa candidata que non supere a primeira parte da proba será cualificada cun cero nesta segunda parte.

## 4 Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

### 4.1 Primeira parte da proba

- **A primeira parte da proba.** Consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra dos criterios de avaliación establecidos na parte superior.

Será entregado a persoa aspirante o papel necesario para a realización da proba.

A persoa deberá asistir o exame con bolígrafo.

### 4.2 Segunda parte da proba

- **A segunda parte.** Consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos relacionados cos criterios de avaliación que figuran na parte superior.

O instrumento utilizado será o ordenador e bolígrafo.

O IES Muralla Romana poñerá a disposición das persoas aspirantes os ordenadores necesarios para esta proba.